**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**Asunto: CHAMAMENTO DE PEÓN DE LIMPEZA PARA CUBRIR TEMPORALMENTE AOS TITULARES DAS PRAZAS NO PRIMEIRO PERÍODO DE VACACIÓNS ESTIVAIS DO ANO 2017**

TENDO EN CONTA que se detectou a necesidade de cubrir temporalmente as seguintes vacacións dos titulares das prazas de peóns de limpeza viaria do Concello de Oroso:

| PERÍODO DE VACACIÓNS | TITULAR DA PRAZA |
|---|---|
| Do 27/03/2017 ata 16/04/2017,ámbos inclusive | RICARDO FERNÁNDEZ VAZQUEZ |
| Do 17/04/2017 ata 13/06/2017, ámbos inclusive | MARÍA DEL CARMEN CASAS VARELA |
| Do 14/06/2017 ata 27/06/2017, ambos inclusive | RICARDO FERNÁNDEZ VAZQUEZ |

LOGO DE VER a Resolución de Alcaldía do 08/03/2017 pola que se aproba a creación, logo do correspondente procedemento de selección dunha bolsa de emprego para cubrir as prazas de xeito temporal de peón de limpeza do Concello de Oroso, pola orde descrita a continuación:

| Nº | APELIDOS E NOME |
|---|---|
| 1 | JUNCAL VIQUEIRA ESPERANZA |
| 2 | NOYA FERNÁNDEZ JAIME |
| 3 | BALEATO BREA JOSÉ |
| 4 | JIMENEZ LÓPEZ Mª ENCARNACIÓN |
| 5 | CAAMAÑO GÓMEZ MARÍA NIVES |

E DE VER o certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente do 17/03/2017.

E DE VER os informes favorables de secretaría e intervención do 21 de marzo de 2017 respectivamente.

TENDO EN CONTA as competencias atribuídas ao alcalde-presidente polo artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e concordantes coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO**. Proceder ao chamamento sucesivo daqueles aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

**SEGUNDO.-** Notificar esta Resolucións aos interesados mediante a publicación da oferta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, sen prexuízo de que se intente proceder a contactar co interesado vía telefónica polo menos por dúas veces en horas distintas, do cal quedará a debida constancia no expediente.

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Manuel Mirás Franqueira, do que eu, Federico Suárez Cancelo, como Secretario, dou fe.

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T **981 691 478** | F 981 691 786 | info@concelloroso.com

www.oroso.es | www.concellooroso.com

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na* https://sede.oroso.es. *(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

*En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.*

CVD: wPbexLhDu4lwjpQFmFCL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.